

TEMA 14.- A ARQUITECTURA DO XX - COMENTARIOS ARQUITECTURA ORGANICISTA: LLOYD WRIGHT

CASA DA FERVENZA OU CASA KAUFMANN

a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/ estilo/ movemento; cronoloxía; título; autor: Casa da Fervenza ou Casa Kaufmann. Movemento Moderno ou Funcionalismo. Arquitectura organicista estadounidense. Foi construída entre 1935 e 1937. Casa encargada a Lloyd Wright por Edgar Kaufmann, prototipo do americano triunfador. Levántase sobre unha fervenza que corre por debaixo. Sitúase en Pensilvania (Estados Unidos). Materiais: formigón, aceiro e vidro.

c.- Analiza e comenta a obra:

A arquitectura organicista ou orgánica (poñer no Museo Guggenheim)

- É funcional. Emprega os novos materiais (formigón, aceiro e vidro). Diferénciase da arquitectura racionalista en que as construcións son moi expresivas porque presentan formas onduladas e relaciónanse coa natureza. Supón unha resposta humanizadora á frialdade do Racionalismo, sen negar os seus principios. O seu máximo representante: é o estadounidense Lloyd Wright.
- En Estados Unidos no anos 30 triunfaban os rañaceos. Wright afirma que non son a solución ao problema do espazo nas grandes cidades (demasiado compartimentados, e con moita xente nun espazo mínimo): quere unha cidade máis humana, con edificios baixos (máis harmónico que “amontoar pisos” un sobre outro). Fai proxectos de vivendas unifamiliares insertas na Natureza: púxoas en práctica en zonas rurais coas chamadas “casas da pradaría”, como a "Casa da Fervenza", obra máis emblemática xunto co "Museo Guggenheim".

A **Casa da Fervenza ou Casa Kaufmann** presenta as seguintes características:

- Está illada no bosque e integrada na Natureza, nunha paisaxe rochosa, vexetal e chea de mananciais.
- Presenta tres pisos en altura con planta libre: adapta os espazos á función de forma máximal.
- O material básico é o formigón.
- É funcional pero organicista: integra totalmente a casa na Natureza, é máis, parece xurdir da propia Natureza. Triúnfa a horizontalidade (subliñada polas ventás continuas e os destacados aleiros) seguindo as liñas marcadas pola pradería norteamericana (plana e lisa): ambos son influxos da arquitectura xaponesa que Wright admiraba moito. Constrúe os espazos de dentro cara a fóra (non de fóra cara a dentro como sempre se facía en Occidente): parte da cheminea

e vai construíndo os espazos desde ese núcleo central cara a fóra (crecendo como se fose un ser vivo): é un grande creador de espazos. As superficies son rectas pero tratadas de forma máis expresiva que no Racionalismo:

- Integración maxistral da casa na Natureza : estrutúrase en terrazas que parecen penetrar na Natureza, as escaleiras descenden cara á ferverza (logrando a unión desta coa casa), as chemineas do interior están feitas coas rochas do terreo...

- O seu grande interese porque as persoas que habitaran a casa se sentiran cómodas, levoulle a deseñar as teas e o mobiliario: tiña a profunda convicción de que os edificios inflúen profundamente nas persoas que os habitan.



O MUSEO GUGGENHEIM (NOVA YORK)

a.- Identifica a obra, sinalando, se procede, cultura/ estilo/ movement; cronoloxía; título; autor: Museo Guggenheim. Movemento Moderno. Funcionalismo. Arquitectura organica estadounidense. Construído entre 1956 e 1959. Foille encargado a Lloyd Wright polo magnate de orixe xudía, Solomon Guggenheim, coleccionista de arte abstracta. Sitúase na Quinta Avenida de Nova York, no barrio de Manhattan. Materiais: formigón, aceiro e vidro.

c.- Analiza e comenta a obra:

- Museo inédito na historia da arquitectura: presenta unha planta circular e disposición espiral que o converte nun exemplar único, sen precedentes na Historia. Concibido de forma completamente diferente aos museos tradicionais.

- É un clarísimo exemplo de arquitectura funcional e organica, pois aproveita a flexibilidade do formigón para someter toda a construción a formas encurvadas, sinuosas, moi expresivas.

- A nivel urbanístico rompe coa uniformidade rectilínea de Manhattan. É un bloque en forma de espiral (perfil de cono invertido), introducindo así un elemento case escultórico (un organismo vivo) na uniforme regularidade da cidade.

- As formas curvas repítense tanto no exterior como no interior (agás na biblioteca e nas oficinas nas que dominan as formas cadradas).



- Interior: ten un grande espazo central baleiro, coroado por unha enorme claraboia que



ilumina o espazo, e está rodeado por unha rampla en espiral que é a zona de exposicións. A esta zona accédese en ascensor e despois iníciase un descenso de seis pisos para ver as pinturas iluminadas cunha combinación de luz natural -da claraboia- e de luz artificial.

- Mostra unha visión totalmente nova, sorprendente e máis completa dun museo, coa

sensación de que non hai límites, pois non hai esquinas, de que o espazo é infinito.

- Wright afirmaba que esta estrutura era máis favorable para a arte abstracta que as ríxidas e estáticas salas dos museos convencionais.

